

ADHESIÓN Á CAMPAÑA PROTECCIÓN INTERNACIONAL, DEREITO FUNDAMENTAL. NON É ASILO É REPARACIÓN

Debidos aos cambios producidos no marco do Programa de Acollida a persoas solicitantes e beneficiarias de protección internacional, que provocou a saída de recursos residenciais e a retirada de axudas económicas a centos de persoas sen ofrecer alternativas á súa situación, o Foro Galego da Inmigración lanzou a presente campaña no mes de xuño para denunciar este feitos e solicitar:

- Que se suspendan os efectos da denegación de asilo e se garantan todos os dereitos cando se recorreron as ditas denegacións.
 - Que se manteña o acceso á Fase II do programa de acollida de xeito autónomo no sistema de protección internacional, unha vez transcorrido os 6 meses iniciais na Fase I.
 - Que se faga un seguimento das ONGs e Entidades que xestionan este sistema de acollida. Que elas mesmas de xeito público esixan que se garanta este dereito fundamental ou deixen de colaborar co mesmo.
 - A Regularización de todas persoas migrantes residentes, a total derogación da Lei de Etranxeiría e a reparación aos territorios e comunidades historicamente colonizadas.

A pesar dos grandes titulares que encheron os medios de comunicación durante a acollida ás persoas procedentes de Afganistán, a realidade é que o Estado español é un dos países con menores taxas de aceptación de solicitudes de protección internacional, é que en termos xerais trata ás persoas migrantes como man de obra barata sen apenas dereitos aos que acollerse. Dende o Foro Galego da Inmigración consideramos que é necesario denunciar a situación que están a vivir miles de veciñas no noso territorio por unha lexislación inxusta e segregadora.

Coa presente comunicación queremos solicitar a adhesión do voso colectivo á campaña e que lle deades visibilidade na vosa contorna, para que as graves situacións que viven as persoas migrantes no noso territorio sexan coñecidas por todas.